

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTE CALDELAS

Ordenanzas e Regulamentos

PUBLICACIÓN MODIFICACIÓN ORDENANZA ABASTECIMIENTO AUGAS

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ó non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello, adoptado en data 29 de setembro de 2016, sobre aprobación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, cuxo texto íntegro se fai público, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello de Ponte Caldelas establece a Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, a que se refire o artigo 20.4.t) do citado Real Decreto Legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de distribución de auga potable polo Concello de Ponte Caldelas, incluídos os dereitos de acometida á rede e colocación e mantemento/utilización de contadores e instalacións análogas.

2. Será obxecto da taxa, o subministro de auga potable para diferentes usos ,

a) Vivendas (anexo I)

b) Actividades comerciais menores, profesionais, artísticas e servizos (anexo II)



- c) Hostelería menor (anexo III).
- d) Actividades industriais: Bancos, hoteles, restaurantes (anexo IV).
- e) Polígono Industrial A Reigosa.

3. Interpretaranse os usos da seguinte maneira:

a) Vivendas: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan á auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica.

b) Actividades comerciais menores, profesionais, artísticas e servizos: especificadas no anexo II ou asimilables.

c) Hostelería menor: especificadas no anexo II ou asimilables.

d) Actividades industriais: Bancos, hoteles, restaurantes: especificados no anexo III ou asimilables.

e) Polígono Industrial A Reigosa: enténdese todos aqueles subministros de abastecemento, independentemente do uso ao que se destine ao abastecemento de auga, que estén ubicados no Polígono Industrial da Reigosa, pola súa singularidade, incluíndo usos de obras

4. Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo, sempre que non estén habitados e non fagan uso da rede de abastecemento.

Artigo 3º.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.—RESPONSÁBEIS

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.



Artigo 5º.—BENEFICIOS FISCAIS

5.1. Estarán exentos do pago da taxa os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ó mencionado, cando o consumo non supere os 18 metros cúbicos por período de facturación (a exención inclúe a cota de servizo e o consumo ata 18 metros cúbicos). O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ó da solicitude. Esta exención será aplicable a un único domicilio que deberá de coincidir co de residencia e empadramento do/a interesado/a.

Os interesados que desexen solicitar a exención da cota da taxa deberán de presentar:

- a) Solicitude de concesión da exención.
- b) Fotocopia do DNI das persoas físicas solicitantes do beneficio fiscal, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representante e DNI da persoa que actúe como representante.
- c) Fotocopia do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público.
- d) Fotocopia do último recibo de pago da taxa polo servizo de abastecemento de auga.
- e) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga (copia do imposto de bens inmovibles, ...).
- f) No caso de que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante da exención non sexa da súa propiedade, deberá aportar ademais: fotocopia do DNI do propietario do inmovible, fotocopia do contrato de aluguer ou do documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ó solicitante do beneficio fiscal.

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requiriranse ó interesado na forma legalmente establecida no procedemento administrativo para que enmenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se a así non o fixese, consideraráselle desistido da súa petición, logo de resolución ditada ó efecto.

Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación dos datos relativos ó beneficiario fiscal.

O cambio do domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do beneficio fiscal no mesmo período en que efectivamente se probe. No seu caso deberá de facer unha nova solicitude de exención.



5.2. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga potable, relativa ó inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados. Non se poderá polo tanto aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular. O carácter desta bonificación é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ó da solicitude

O suxeitos que pretendan gozar desta bonificación deberán de presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de concesión da bonificación.
- b) Fotocopia do DNI do/a solicitante.
- c) Título oficial de familia numerosa en vigor.
- d) Certificado de convivencia no domicilio indicado, expedido polo Concello.
- e) Fotocopia do recibo de pago da taxa por servizo de abastecemento de auga do último trimestre.

5.3. En casos excepcionais, e previo informe xustificativo do Departamento de Servizos Sociais, onde se poña de manifesto a imposibilidade de facer fronte ó pago do tributo, a Xunta de Goberno Local poderá acordar a exención, por un tempo determinado que non poderá ser superior ó semestre, se ben de manterse as circunstancias, acreditadas cun novo informe do Departamento de Servizos Sociais, poderá ser obxecto de renovación.

5.4. Aplicaranse asimesmo os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 6º.—BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de abastecemento de auga.

Artigo 7º.—COTA TRIBUTARIA

1. A cota da taxa regulada nesta Ordenanza será o resultado de aplicar unha cantidade fixa ou, no seu caso, as tarifas contidas no presente artigo, que non inclúe o imposto sobre o valor engadido nos casos en que se devengue.



2. A cota determinarase en función dos seguintes elementos:

a) Cota de servizo por dispoñibilidade.

b) Cota variable por rexistro de metros cúbicos consumidos (consumo real).

c) Cota fixa por un mínimo facturado.

d) Importe polo servizo de mantemento e verificación de contadores, propiedade ou non dos abonados.

3. As tarifas desta taxa, serán as seguintes:

PRIMEIRO. Por dispoñibilidade e consumo:

a) 01-Vivendas (anexo I):

— Cota de servizo por dispoñibilidade: 3'84 €/abonado/mes

— Cota variable de consumo:

1) De 0 m³/mes ata 18 m³/mes: 0,00 €/ m³.

2) De 19 m³/mes ata 40 m³/mes: 0,40 €/ m³.

3) Máis de 41 m³/mes: 0,50 €/ m³.

b) 02-Actividades comerciais menores, profesionais, artísticas e servizos (anexo III):

— Cota de servizo por dispoñibilidade: 5'40 €/abonado/mes

— Cota variable de consumo:

1) De 0 m³/mes ata 18 m³/mes: 0,00 €/ m³.

2) De 19 m³/mes ata 40 m³/mes: 0,40 €/ m³.

3) Máis de 41 m³/mes: 0,50 €/ m³.

c) 03-Hostelería menor (anexo III):

— Cota de servizo por dispoñibilidade: 9,60 €/abonado/mes

— Cota variable de consumo:

1) De 0 m³/mes ata 30 m³/mes: 0,00 €/ m³.

2) De 31 m³/mes ata 60 m³/mes: 0,40 €/ m³.

3) Máis de 61 m³/mes: 0,50 €/ m³.



d) 04-Actividades industriais: bancos, hoteis, restaurantes (anexo IV):

— Cota de servizo por dispoñibilidade: 15,01 €/abonado/mes

— Cota variable de consumo:

1) De 0 m³/mes ata 40 m³/mes: 0,00 €/ m³.

2) De 41 m³/mes ata 90 m³/mes: 0,40 €/ m³.

3) Máis de 91 m³/mes: 0,50 €/ m³.

e) 05-Polígono Industrial A Reigosa:

— Cota de servizo por dispoñibilidade: 115,88 €/bimestre

— Cota de consumo :

> Consumo fixo de 0 ata 45 m³ supón un mínimo a abonar de 15,36€/bimestre

> Consumo variable > 45 m³ 0,658 €/ m³

Cota de sobreelevación: 0,402 €/m³ por m³ facturado.

A tarifa do grupo e), seralle de aplicación a cota de mantemento e verificación de contadores, propiedade ou non do abonado. A periodicidade da tarifa correspondente ao grupo e), será bimestral.

Cota de mantemento de contadores:

CALIBRE	BIMESTRAL (€)	ANUAL (€)
13/15/20	0,88	5,29
25/30	1,56	9,40
40/50	2,86	17,13
65	17,66	106,06
80	22,07	132,39
100	27,48	164,89
150	39,80	238,84
200	80,28	481,65
250	101,15	606,89
300	136,20	817,22
400	199,40	1.196,38
500	256,30	1.537,78



4. Para todos os subministros que non posúan contador, considerarase que o consumo rexistrado, por tanto a facturar, ascende a 200 m3 para as tarifas dos grupos a), b) e c); e 500 m3 para os grupos d) e e).

5. Taxas por conexión á rede municipal:

- Acometida a rede de vivendas unifamiliar/local/nave: 400,00 € por vivenda ou local
- Acometida a rede de edificios colectivos: 220,00 € por vivenda ou local do edificio.

6. Nos supostos non previstos nos apartados a) b) c) e d) das tarifas ou nos seus anexos facturarase por similitude.

7. Nos establecementos ou locais onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nos apartados a), b), c) e d) e seus anexos tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

8. As vivendas onde ademais se realice unha actividade económica, tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

9. As vivendas unifamiliares onde se realice unha actividade económica dos apartados b) ou c) tributarán cada un polo seu uso sempre que o local dispoña de acceso directo dende a rúa independente da vivenda. O cesar a actividade causará baixa no Padrón fiscal,tributando só a vivenda.

Artigo 8º.—DEVENGO

A) Cando se trate de servizos non periódicos;

Devengarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade, dado que estamos nun suposto de devengo instantáneo.

B) Cando se trate de servizos periódicos;

Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta en padrón, en cuxo caso se devengará a partires dese momento.

No suposto de utilización do servizo sen autorización, o devengo será ao día seguinte desde que se inicie tal posibilidade.



Artigo 9º.—PERÍODO IMPOSITIVO

Cando se trate de servizos periódicos, o período impositivo coincidirá co ano natural, salvo no caso de alta no servizo que abranguerá desde o día da alta ata a finalización do período impositivo, e no caso de baixa, desde o primeiro día do período impositivo ata o día da baixa.

Artigo 10º.—DECLARACIÓN S

1. Presentarase ante o Concello as declaracións de alta, baixa ou modificacións no servizo. As declaracións producirán efectos dende a súa presentación no suposto de baixa, e dende a efectividade da alta ou modificación nos demais supostos.

2. Toda declaración de alta deberá achegar:

a) Identificación do substituto do contribuínte (achegando copia do NIF), e se non , fora o mesmo, identificación do contribuínte (achegando copia do NIF).

b) Copia do título de propiedade do ben obxecto do servizo .

3. Nas declaracións de modificación (de calquera tipo), deberanse achegar os documentos que a xustifiquen.

4. O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa, que teñan repercusións aos efectos da exacción da taxa. Ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello, dentro dos 15 días naturais seguintes á efectividade da modificación da situación inicial.

5. Nos casos nos que proceda, establécese un sistema de xestión común da presente taxa coas taxas pola xestión da rede de sumidoiros.

Artigo 11º.—PADRÓN DA TAXA

1. A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo emitido ao substituto do contribuínte, onde constará, de ser o caso, o contribuínte usuario do servizo.

2. O cobro dos recibos poderase facer:

a) En metálico, nos lugares que se sinalen nos editos de exposición ao público.

b) Ou mediante domiciliación bancaria.

3. O cobro das cotas realizarase trimestralmente.



En referencia ao servizo que se preste no Polígono da Reigosa, o cobro das cotas realizarase bimestralmente, e como máximo emitiranse seis liquidacións anualmente.

4.A falta de cobro en período voluntario de dous recibos de períodos consecutivos, será entendida como unha baixa voluntaria do servizo.

5. Os padróns emitidos, unha vez aprobados polo órgano competente, expóranse ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello.

En todo caso expóranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 12º.—LIQUIDACIÓN E INGRESO DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DEVENGO INSTANTÁNEO

Cando se trate de servizos ou actividades cuxa cuantificación sexa posible no momento da presentación da solicitude de prestación, será liquidada nese mesmo momento ou en momento posterior, pero sempre con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade.

Si se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notificar a Taxa tan pronto se detecte esta situación.

Nestes supostos o ingreso efectuarase nos prazos e lugares que se indiquen na notificación da liquidación e nos prazos previstos na normativa tributaria, para liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria no último dos supostos referidos.

ARTIGO 13º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor desta Ordenanza Fiscal, queda derrogada a anterior Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación, e unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.



A N E X O S :**A N E X O I**

- Vivendas ocupadas ou desocupadas; Bungalows, Galpones, Alpendres (en fincas sen construción principal con uso distinto ou meramente agropecuario, aínda que teñan un uso temporal).

A N E X O II

- Establecementos adicados a venta en xeral (abonos, alimentación, mercadorías, calzados, roupa e similares
- Academias de ensino, autoescolas
- Aluguer de coches, Axencias de viaxes.
- Estudos arquitectura, despachos de avogados
- Asesorías, contabilidade, seguros, xestorías
- Asociacións sociais, culturais e deportivas
- Exposición e venta coches, motocicletas, cociñas...
- Clínica dental
- Confeitería, pastelería, lambetadas, panaderías adicadas a venta
- Copistería, prensa, quioscos
- Decoración e interiorismo
- Estación autobuses
- Estancos, loterías
- Farmacias, consulta médicos
- Fotografía, informática, librerías
- Garderías, escolas, institutos de ensinanza
- Inmobiliarias
- Notaría; nutrición e dietéticavenda;
- Oficinas; ópticas; organización nacional de cegos; ortopedia.
- Pompas fúnebres
- Salóns de beleza; sanatorios; saunas e masaxes
- Teatros
- Tinturerías
- Veterinariaconsulta; vídeo club; viveiros de plantas;
- Ximnasios; xeaderías; xogos recreativos.



A N E X O III

- Café-bar (con ou sen comidas), cafeterías; casas de comidas
- Hamburgueserías, bocaterías
- Pizzerías; pub
- Taberna

A N E X O IV

- Talleres (automóbil, bicicletas, cadros e molduras, relojería, carpintería, metálica, fontanería, ebanistería e similares)
- Bancos e Caixas de aforro.
- Hoteis, hostais, hospedaxes, casas de turismo rural.
- Restaurante, churrasquería, mesón.
- Discotecas, salas de festa, salóns de baile.
- Elaboración e envasado de viños, produtos cárnicos, etc.
- Fábricas, industrias transformadoras de alimentos, panaderías
- Imprentas
- Laboratorios
- Maquinaria industrial, material construción
- Supermercados
- Servizos técnicos reparación electrodomésticos.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde, Andrés Díaz Sobral.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

